

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 25 de maio de 2020 (PLENO 4/2020)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por Decreto 1203/2020 de 19 de maio, de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar de forma telemática o **día 25 de maio de 2020 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Sesión 4/2020

Data da sesión: 25-05-2020
Hora: 20:30 h.

1.- Actas das sesións extraordinarias anteriores (02/03/2020 e 09/03/2020). Aprobación.

2.- Plan parcial do sector de solo urbanizable delimitado SUR-D/S-I4/AR S-I4. CALVO. Corrección do punto 6.3 da memoria xustificativa. (CIPUM de 19/05/2020).

3.- Inventario Municipal de Bens (IMB) do Concello de Carballo. Depuración de valores como consecuencia da posta en marcha dunha nova aplicación informática. Aprobación manuais de xestión do patrimonio. (CIFECRIC de 19/05/2020).

4.- Conta de recadación do Concello de Carballo do exercicio 2019. Aprobación. (CIFECRIC de 19/05/2020).

5.- Plan Económico financeiro do concello de Carballo 2020-2021. Aprobación. (CIFECRIC de 19/05/2020).

6.- POS+ADICIONAL 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2020. Solicitude. Aprobación. Ratificación.

7.- Seguimento de órganos de goberno:

7.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da lei 15/2010, do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao primeiro trimestre de 2020. Toma de coñecemento.

7.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012, do 1 de outubro. Execución do primeiro trimestre do 2020. Toma de coñecemento.

7.3.- Resolucións da Alcaldía.

7.3.1.- Resolución da Alcaldía de liquidación do presuposto 2019

7.3.2.- Resolucións da Alcaldía relacionados co Estado de Alarma

7.3.3.- Resolución da Alcaldía de sede electrónica

7.3.4.- Resolucións da Alcaldía dictadas entre 27 de febreiro e o 20 de maio de 2020

7.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

7.5.- Rogos e preguntas

En canto sexa creada a correspondente *sala de reunións* remitiránelles polo correo electrónico á conta de correo electrónico corporativa as instrucións de acceso.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes